

Lecturas da crise coreana

Description

As tensións na península coreana reflicten unha profunda pugna polo liderado rexional en Asia-Pacífico.

A orixe da actual crise relaciónase en primeira instancia coa terceira proba nuclear levada a cabo por Pyongyang o pasado 12 de febreiro en resposta aos exercicios militares conxuntos de EUA e Corea do Sur, en vésperas da toma de posesión da nova presidenta en Seúl, Park Geung-hy, partidaria dunha liña menos conciliadora cos veciños do Norte. A crise serve ao norcoreano Kim Jong-Un para reforzar internamente as súas credenciais e a capacidade de manobra así como para fortalecer o poder dinástico. A rehabilitación do defenestrado primeiro ministro Pak Pong-ju, cesado en 2007 e considerado un reformista revive non obstante as expectativas de cambios económicos en Corea do Norte na perspectiva varias veces suxerida desde China.

As tensións na península coreana reflicten unha profunda pugna polo liderado rexional en Asia-Pacífico.

A orixe da actual crise relaciónase en primeira instancia coa terceira proba nuclear levada a cabo por Pyongyang o pasado 12 de febreiro en resposta aos exercicios militares conxuntos de EUA e Corea do Sur, en vésperas da toma de posesión da nova presidenta en Seúl, Park Geung-hy, partidaria dunha liña menos conciliadora cos veciños do Norte. A crise serve ao norcoreano Kim Jong-Un para reforzar internamente as súas credenciais e a capacidade de manobra así como para fortalecer o poder dinástico. A rehabilitación do defenestrado primeiro ministro Pak Pong-ju, cesado en 2007 e considerado un reformista revive non obstante as expectativas de cambios económicos en Corea do Norte na perspectiva varias veces suxerida desde China.

A crise serve a EUA para reforzar o seu dispositivo militar en Asia oriental. Prodúcese despois de rexistrárense serias tensións entre China e Xapón a propósito das illas Diaoyu-Senkaku e tralo incremento das diferenzas nos litixios territoriais nos mares da China meridional que enfrontan a Pequín con varios países do Sueste asiático. Washington aproveita estas crises para lexitimar a súa estratexia “Pivot to Asia” que permitirá trasladar ata o 60 por cento da súa flota ás proximidades de China antes de 2020. O reforzamento das alianzas militares a Norte e Sur exerce de cabeza de ponte do retorno anunciado de EUA a Asia-Pacífico tras constatar que a zona se converterá en poucos anos no novo epicentro económico global.

China é a gran prexudicada por este escenario. O apoio prestado á resolución do Consello de Seguridade da ONU que contempla a imposición de sancións en resposta á proba nuclear de febreiro non serviu de moito para contemporizar con EUA quen recea da contundencia de Pequín na súa aplicación. Non obstante, reforza a sensación de ambigüidade como evidencia dos novos tempos nas relacións con Pyongyang. Aínda que incómoda ante o ton e comportamento de Corea do Norte, país que en boa medida sostén economicamente a través do subministro enerxético e alimentario, China fará todo o posible para evitar unha crise grave que poida levar ao afundimento do réxime. A alternativa sería unha unificación pilotada por EUA que conta con milleiros de soldados estacionados no Sur da península que entón chegarían ata a súa fronteira, escenario negado por Washington. Pero todos sabemos que foi das promesas feitas a Gorbachov sobre a non presenza de tropas da OTAN no territorio da extinta RDA...

O diálogo hexagonal promovido por China (con EUA, Rusia, Xapón e as dúas Coreas) que permitira logros importantes como a desactivación das plantas de enriquecemento de uranio, leva case un lustro paralizado e as posibilidades de retoma semellan remotas a día de hoxe. Unha atmosfera inter-partes que tanto favorece a multiplicación das declaracións atemorizadoras como o extremo coidado para evitar traspasar o límite do tolerable da forza ás teses que abundan na dimensión retórica da crise. Pero o perigo dunha escalada é evidente.

A inestabilidade nas proximidades de China interfere na afirmación do seu liderado rexional baseado no estímulo económico e pode complicar o proceso de integración en curso en Asia oriental (con Xapón e Corea do Sur) e meridional (cos países da ASEAN). EUA segue a promover o seu TPP (Trans-Pacific Partnership) co obxecto de hexemonizar o ascenso de Asia gañando protagonismo en crises que provoquen un decantamento das opcións dos diferentes países reproducindo unha dinámica de bloques capaz de conter a China en tanto esta non admita pasar a formar parte das súas

redes de dependencia.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Península Coreana

ETIQUETAS

China EUA Corea do Sur Corea do Norte desnuclearización

IDIOMA

Galego

Date Created

Abril 3, 2013

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2013-04-04 00:00:00